



V SIMPOSIO PLURIDISCIPLINAR SOBRE DESEÑO E AVALIACIÓN DE CONTIDOS EDUCATIVOS REUTILIZABLES (SPEDECE 08)

A Área de e-learning do Centro de Supercomputación de Galicia colaborará e formará parte do consello científico do **V Simposio Pluridisciplinar sobre Deseño e Avaliación de Contidos Educativos Reutilizables (SPEDECE 08)**, organizado pola Escola Universitaria de Informática da Universidade Pontificia de Salamanca e que terá lugar en Salamanca os días 20 e 21 de Outubro de 2008.

SPEDECE 2008, trátase da quinta edición dun evento no que o principal obxectivo é ofrecer un marco aberto a especialistas de distintas disciplinas, informáticos e pedagogos principalmente, para debater acerca de diversos aspectos sobre o deseño de contidos e materiais didácticos en formato dixital dentro dos novos modelos de ensino (e-learning).

Este é un aspecto fundamental dentro dos novos sistemas de formación e educación na actual sociedade da información (e-formación), así como do deseño dos contidos electrónicos utilizados nestes novos modelos de ensino (e-contidos).

Entre os temas a tratar destacan o como conseguir aumentar a flexibilidade e reutilización destes contidos para que poidan ser usados en diferentes contextos de aprendizaxe, o papel dos obxectos de aprendizaxe neste contexto, os estándares empregados no seu deseño, ou como organizalos en repositorios, ou como se poden utilizar nos novos modelos de ensino como o e-learning e nos novos procesos de ensino-aprendizaxe para construír coñecemento, aspecto especialmente promovido dentro do Espazo de Educación Superior Europeo.

Para máis información sobre o evento, consulten a páxina web oficial do Simposio:
<http://www.upsa.es/spdece08>